

ANUNCIO

Ante as dúbidas formuladas ao tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de bibliotecario/a, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene incluída na oferta de emprego público do ano 2019, este decidiu facer públicas as seguintes aclaracións respecto do exercicio da oposición convocado para o día 22.03.2024.

As bases do proceso selectivo indican “Terceiro exercicio. Este exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes que teñan superado os exercicios obrigatorios previos, consistirá en resolver, nun tempo máximo de 3 horas (180 minutos), un suposto práctico a elixir entre dous propostos polo Tribunal, relacionado co contido funcional e tarefas propias da vacante convocada e que se corresponderá, a súa vez, coas materias comprendidas no punto B (temas específicos) do temario que figura no Anexo II (temas 15 a 69, ambos os dous incluídos).

Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais e libros de consulta que estimen necesarios, entre os que poderán incluírse as Regras de Catalogación, o formato MARC 21, a Clasificación Decimal Universal e a Lista de Encabezamentos de materias para bibliotecas públicas vixentes. Non se permitirá o uso ou consulta de ningún material en soporte electrónico.”

As persoas aspirantes poderán acudir provistas de calquera dos materiais indicados nas bases para a realización do exercicio. Non obstante, terán a súa disposición durante á realización do exercicio dun espazo compartido no que se depositará un único exemplar do material de consulta preciso para a realización da proba.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.

0-0
093
150
P-
F:
C.I.